



CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

BANDO

**MARÍA TERESA BARJE BELLO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DE A BOLA (OURENSE).**

INFORMA:

A Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Igualdade) convoca as bases que rexirán o procedemento de concesión das **Axudas para a posta en marcha de casas do maior, para os anos 2025 e 2026** (códigos de procedementos BS212A).

OBXECTO

Poñer en marcha a casa do maior, destinada á atención de mulleres e homes maiores de 60 anos de idade, en situación de dependencia grao I, e para as persoas maiores sen dependencia, como recurso de promoción da autonomía persoal.

CARACTERÍSTICAS DOS PROXECTOS

As casas do maior reúnen os seguintes **características**:

1. Perfílanse como unha fórmula de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal destinada a contribuír á atención e prevención da dependencia para mellorar a calidade de vida das persoas **maiores de 60 anos sen dependencia ou con un Grao I de dependencia**. Comprenderá atención diúrna en relación ás necesidades básicas de **alimentación, hixiene e desenvolvemento de actividades de lecer e/ou adestramento cognitivo**.



CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

2. As persoas usuarias decidirán voluntariamente se farán uso do **servizo de manutención**, polo que se lles poderá facturar ata un máximo de 7€ por persoa e día. Así mesmo, si se opta por engadir o **servizo de desprazamento** das persoas usuarias, percibirase unha axuda adicional da Xunta da razón de 10€ por persoa e día, sempre que se realice o servizo completo.
3. O proxecto ha de ter carácter gratuíto e prestarse de luns a venres todo o ano, excepto os días festivos e un mes de cada doce, en caso de permanecer pechado por vacacións.
4. As persoas usuarias acudirán ao centro un **máximo de 8 horas** diarias.
5. Cada casa do maior, terá un máximo de 5 prazas. As persoas usuarias deberán estar empadroadas no Concello en que se localice a casa do maior ou nunha limítrofe que non conte con servizos de atención diúrna á persoas maiores.
6. O período mínimo de permanencia da actividade empresarial será de 5 anos contados dende a data da posta en marcha da casa do maior.

PERSOAS BENEFICIARIAS DA AXUDA ECONÓMICA.

As pesroas físicas que se establezan como autónomos ou que constitúan cooperativas de traballo asociado como promotoras da posta en marcha dunha casa do maior deberán reunir os seguintes **requisitos**:

- a. Estar en posesión da titulación mínima requerida (Licenciatura/Grao en Medicina, Psicoloxía, Mestrado en Psicoxerontoloxía, Diplomatura/Grao en Enfermaría, Título de técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría e/ou equivalentes, Título de técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia e/ou equivalente, Título de técnico superior en Integración Social e/ou equivalente, Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria persoas Dependentes en Institucións Sociais, en Domicilio, ou equivalentes, diploma que acredite a realización de cursos



CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

de formación integral e/ou complementaria para futuros profesionais da casa do maior, cunha duración de 30 horas, impartido pola Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria).

- b. Residir en concellos de menos de 5.600 habitantes.
- c. Contar cun inmovible en condicións de accesibilidade, e que cumpla as condicións e recursos recollidos no artigo 4 c).
- d. Acreditar unha revisión médica anual.
- e. Dispoñer dun certificado de manipulador de alimentos.

ACCIÓNS E GASTOS SUBVENCIONABLES

Os gastos subvencionables son os seguintes:

- 1. Gastos de investimento: ata o 100% dos gastos elixibles, cun límite máximo global por cada casa do maior de 15.000€ (reforma e adaptación da vivenda destinada a prestar este servizo, así como o equipamento e dotación material, sempre que sexa necesario).
- 2. Axuda para o desenvolvemento da actividade, cunha achega económica de 24.800€/ano. Na anualidade de 2025 a axuda acadará un máximo de 1.033€ correspondente a segunda quincena do mes de decembro, e na anualidade de 2026 esta axuda acadará un importe máximo de 24.800€.
- 3. No caso de que as persoas promotoras asuman o desprazamento das persoas usuarias, recibirán 10 euros por persoa e día.
- 4. Nos casos de baixa por maternidade, aboarase un complemento da prima de 150€ semanais durante o período que dure a baixa.



CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

DOCUMENTACIÓN

- a. Copia da documentación acreditativa da titulación correspondente.
- b. Certificado médico oficial acreditativo do estado de saúde.
- c. Documentación acreditativa da constitución da cooperativa ou, no caso de ter iniciados os trámites para a súa constitución, solicitude a cualificación previa ou solicitude da inscrición no Rexistro de Sociedades Cooperativas.
- d. Memoria descritiva da localización xeográfica, número potencial de persoas maiores usuarias e xustificación da necesidade e oportunidade, apoiada na análise da contorna e nos datos oficiais de poboación publicados polo IGE.
- e. Proposta metodolóxica básica asinada por quen desenvolverá o proxecto piloto (período de adaptación, alimentación, hixiene, hábitos de autonomía persoal e programación xeral dunha xornada).
- f. Descrición do equipamento e materiais que se empregarán.
- g. Memoria descritiva do inmovible.
- h. Orzamento desagregado dos gastos de investimento (anexo II).
- i. Documentación acreditativa da dispoñibilidade do inmovible durante o período subvencionado.
- j. Certificado de manipulador de alimentos.
- k. Informe dos servizos técnicos municipais sobre as condicións de habitabilidade ou documentación técnica elaborada por profesionais habilitados.
- l. Fotografías das adaptacións realizadas.



CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

- m. Datos de identificación da persoa que se encargará de substituír á persoa responsable do desenvolvemento do proxecto piloto nos supostos de ausencia, enfermidade ou emerxencia.
- n. Alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facendo e Administracións públicas.
- o. Plan de actuación en caso de emerxencia.
- p. Xustificante de contratar unha póliza de seguro por un importe mínimo de 15.000€, que garanta a cobertura das continxencias de responsabilidade civil, danos a terceiras persoas e accidentes.
- q. Alta na Seguridade Social no réxime especial de autónomos.
- r. Outra documentación requirida.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

As solicitudes de subvención presentaranse por sede electrónica <https://sede.xunta.gal>. Ata do 23 de xullo de 2025.

A Bola, 26 de xuño de 2025.

A Alcaldesa